

RESUMO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 12 DE NOVEMBRO DE 2014.

1º.- URBANISMO.

1.1.- Solicitud de licenza de actividade de ferretería e venda polo miúdo de electrodomésticos e mobles, na rúa Progreso, nº 45 e rúa Morón nº 22 (Silleda), solicitado por JOSÉ LUIS V. V. .

Vista a solicitude de licenza, presentada por Don JOSÉ LUIS V. V. e vistos os informes técnico e xurídico, a Xunta de Goberno Local acorda

A concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala o arquitecto licenza, o prazo de execución das obras, o número de prantas autorizadas e o número de expediente.

1.2.- Dª ANA MARIA C. C. Licencia definitiva de actividade para tenda de roupa e complementos na rúa Ramón de Valenzuela, nº 48 baixo - Bandeira-Manduas (Silleda).

Visto o expediente instruído a instancia de Dª ANA MARÍA C. C., solicitando Licencia definitiva de actividade para tenda de roupa e complementos, a situar na rúa Ramón de Valenzuela, nº 48 baixo, Bandeira-Manduas (Silleda)

Vistos os acordos anteriores relativos a dita solicitude

A Xunta de Goberno Local acorda a **concesión de licencia de actividade definitiva** a **ANA MARÍA C. C.**, para tenda de roupa e complementos, a situar na rúa Ramón de Valenzuela, nº 48 baixo, Bandeira-Manduas (Silleda).

1.3.- Dª AMAYA S.C. Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a parafarmacia, a situar na Rúa Alfonso Trabazo, nº 19-23 baixo (Silleda).

Licencia Nº 4639/06. Visto o expediente instruído a instancia de D^a AMAYA S.C. solicitando Licencia de actividade para acondicionamento e apertura de local para dedicalo a parafarmacia, a situar na Rúa Alfonso Trabazo, nº 19-23 baixo (Silleda).

Vistos os trámites anteriores relativos a esta solicitude
A Xunta de Goberno Local acorda:

A concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que no seu informe, sinala a Comisión Provincial de Medio Ambiente

1.4.- D^o Ricardo José Durán Rodríguez en calidade de Director Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia. Plan de Autoprotección Feira Internacional de Galicia CLOSING TOUR - 7 de decembro de 2014.

Visto que por D^o Ricardo José Durán Rodríguez, en calidade de Director Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, preséntase escrito con Rexistro de Entrada nº 4665, de data 23 de outubro de 2014, solicitando autorización para a celebración da actividade lúdica Closing Tour 2014 o vindeiro día 7 de decembro de 2014, no pavillón nº 1 do recinto feiral da “Feira Internacional de Galicia” en Silleda.

Visto que con data 12 de novembro de 2014, polo Secretario da Corporación emítase informe xurídico, no que mostra a súa conformidade có expresado no informe técnico.

Visto o informe emitido o 12 de novembro de 2014 polo arquitecto técnico municipal José Antonio Presas Ferreiro

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO: A autorización para a celebración da actividade lúdica Closing Tour 2014 o vindeiro día 7 de decembro de 2014, no pavillón nº 1 do recinto feiral da “Feira Internacional de Galicia” en Silleda, condicionada ó cumprimento das medidas sinaladas no informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 12 de novembro de 2014, anteriormente transcrito.

1.5.-Cambio de titularidade da actividade do establecemento sito na rúa Venezuela, nº 32 baixo (Silleda) a favor de César L.C.

Visto o escrito presentado por Dº César L.C .o (adquirinte)e Dº José C.B.(transmitente), de data 06 de outubro de 2014, Rexistro de Entrada nº 4478, de data 14 de outubro de 2014, solicitando cambio de titularidade a favor de César L.C. do establecemento dedicado a discoteca sita na rúa Venezuela, nº 32 baixo (Silleda)

Vista a tramitación anterior

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes acorda:
Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento para Discoteca concedida por acordos da Xunta de Goberno Local de 10 de decembro de 2001 e 15 de xuño de 2005, do local sito na rúa Venezuela, nº 32 baixo (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de apertura César L.C.

1.6.-Cambio de titularidade da actividade do establecemento sito no lugar de Riobó, parroquia de Negreiros (Silleda) a favor de María Rita G.G.

Visto o escrito presentado por Dª María Rita G.G.a (adquirinte)e Dº Germán G.V. (transmitente), Rexistro de Entrada nº 4494, de data 15 de outubro de 2014, solicitando cambio de titularidade de actividade a favor de María Rita G.G do establecemento dedicado a miniquesería sita no lugar de Riobó, parroquia de Negreiros (Silleda)

Vista a tramitación anterior

A Xunta de Goberno Local acorda
Darse por comunicados do cambio de titularidade da licenza de actividade dunha miniquesería concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 07 de xaneiro de 2000, sita no lugar de Riobó, nº 6, parroquia de Negreiros (Silleda), pasando a ser o novo titular da licenza de actividade María Rita G.G.

2º.- RECLAMACION PATRIMONIAL. JULIO T.E. Danos en vehículo ao circular por unha pista municipal.

VISTA a reclamación patrimonial de data 22 Febreiro de 2013 presentada por JULIO T.E. con DNI Nº XXXXX con domicilio en Lugar de XXXXX SILLEDA en reclamación de 219,70 € pola rotura dunha roda do seu vehículo, matrícula

XXXXX asegurado en MAPFRE S.A., cando circulaba pola pista local de Ponte a Taboada causado por un bache/socavón o día 24/12/2012.

Partindo destes feitos que se consideran demostrados pola documentación que achega o reclamante, procede o seu análise xurídico, segundo o seguinte:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

CONSIDERANDO que nas pistas municipais -polas características técnicas da vía, con menores esixencias que as estradas - se debe circular cunha especial atención, o que leva a cuestionarse si neste caso o reclamante actuou coa dilixencia debida en tanto o bache é un elemento visible si se presta a atención adecuada, máxime pola súa amplitude e o detalle de que non había circulación no momento do accidente e a visibilidade era correcta, tendo lugar o suceso as 16:00 da tarde, con luz diúrna suficiente; polo que, como mínimo, aínda na hipótese de existir responsabilidade municipal, estaríamos diante dunha responsabilidade compartida, pola propia acción voluntaria do reclamante coa súa falta de atención, despiste, imprudencia, etc., en definitiva a posible carencia da dilixencia/precaución esixible nese caso, en resumo porque ese socavón -independentemente da responsabilidade pública no mantemento da vía, se reitera- tamén era visible dabondo para calquer condutor, e podía ser evitado perfectamente cun mínimo de debida atención.

A este respecto sinalou o Tribunal Supremo en repetidas Sentenzas (entre outras, Sentenza de 5 de decembro de 1997 da Sala 3^o), non cabe considerar que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de previr calquera eventualidade desfavorable ou danosa para os administrados, derivada da actividade destas, polo feito de que exerzan competencias na ordenación dun determinado sector, porque, pola contra, transformaríase aquel en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico, ademais de que o talante obxectivo da responsabilidade da Administración non converte a esta nun asegurador universal que deba responder en todos os supostos en que se produza un resultado lesivo por mor da utilización de bens ou servizos públicos.

Esta xurisprudencia do Supremo consideramos que é plenamente aplicable a este caso polas motivacións descritas.

En base o exposto, SE ACORDA:

DESESTIMAR a reclamación patrimonial de data 22 Febreiro de 2013 presentada por Julio T. E. en reclamación de 219,70 € pola rotura dunha roda do

seu vehículo, ao considerar unha posible carencia da dilixencia/precaución esixible nese caso, porque o socavón -independentemente da responsabilidade pública no mantemento da vía-, tamén era visible dabondo para calquer conductor e podía ser evitado perfectamente cun mínimo de debida atención.

3º.- ADXUDICACION DO CONTRATO DE: REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de outubro de 2014
Na XGL de 23 de Outubro 2014 acordouse:

“10º.- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA.

Visto que o Concello solicitou a Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención dentro do Plan Urxente de Mantemento de Infraestructuras Municipais para o ano 2014 (PUSIM/14) para financiar o investimento "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova" (Ref. PUSIM/14/00714/20400271) por un orzamento total de 110.499,64 €.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Saida nº 2014030316, de 20 de outubro de 2014, remítese por parte da Deputación Provincial acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial (Rexistro de Entrada no Concello nº 4631, de data 22 de outubro de 2014) na que se concede a cantidade de 110.499,64 € para a realización do investimento "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova" (Ref. PUSIM/14/00714/20400271).

Visto o proxecto denominado "REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA", de data xuño 2014, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, cun orzamento (incluído execución material + gastos xerais + Beneficio industrial) de 91.322,02 € mais o 21% de IVE (19.177,62 €) o que fai un total orzamento de contrata de 110.499,64 €. Visto o Prego de Cláusulas Administrativas particulares do contrato de obras, por procedemento negociado sen publicidade denominadas "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova".

Visto o expediente tramitado, e de conformidade co disposto nos artigos 109, 110 e seguintes, e artigo 169 e seguintes, artigo 290 e seguintes do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o RD 817/2009 polo que se desarrolla parcialmente a L.30/2007, 30 de outubro, de contratos do sector público e o RD 1098/2001, 12 de outubro, regulamento xeral da lei de contratos das Administracións públicas, aí como a disposición adicional segunda do RD Lex 3/2011, 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda :

PRIMEIRO.-Aprobar o proxecto redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, en data xuño de 2014 denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova" cun orzamento total de contrata de 110.499,64 €.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 91.322,02 € máis IVE denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Vilanova".

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 110.499,64 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 20140.461, do estado de gastos do Orzamento Municipal.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

QUINTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresas:

- Conservia Rehabilitación y Servicios, S.L.
R/ Pastor Díaz, nº 1-6ª Planta, Oficina B
36.001 - Pontevedra

- Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
R/ Progreso, nº 59
36.540 - Silleda (Pontevedra)

- Construcciones Taboada y Ramos S.L.
Polígono Industrial Lalín 2000 - Parcela C-26
36.500 - Lalín (Pontevedra)

- Endenor
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)

- Construcciones Arean S.L.
Parque Empresarial Área 33, parcela 10A
36.540 - Silleda (Pontevedra)

- Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Lugar de Xestoso, s/n
Silleda"

2.- Examinouse a proposta técnica e económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 5 empresas que se presentaron. Diante da dificultade técnica de valorar debidamente as melloras, pediuse o dictame do Director das Obras, Abraham Castro Neira, que informa o seguinte:

(...)

Vistas as ofertas presentadas, existe unha gran diversidade de solucións técnicas e partidas que melloran as condicións iniciais do proxecto e que non poideron ter cabida neste por cuestións económicas. Ante tal situación optase por aplicar o seguinte criterio técnico:

1º.-Asignaráselle a maior puntuación (7 puntos) a oferta que conteña as melloras cun montante económico máis elevado.

2º.-En caso de non ofertaren melloras, a puntuación será de cero puntos (0 puntos).

3º.-Unha vez establecida a máxima puntuación, o resto será deducida por relación matemática de linealidade.

Enténdese que o montante económico das melloras supón un incremento na cantidade ou calidade de partidas e o seu precio está axustado aos reais de mercado; de non ser así, e que o incremento económico das partidas de mellora sexa motivado por un alza irreal dos prezos de mercado, non serán tidas en conta para a puntuación na presente valoración.

As ofertas que non presenten o montante económico das melloras, seralles calculado mediante o emprego de bases de datos oficiais.

Por todo o anteriormente exposto procédese a sinalar a puntuación asignada a cada empresa segundo a documentación presentada ante este arquitecto:

EMPRESA	MONTANTE ECONÓMICO DAS MELLORAS OFERTADAS	PUNTUACIÓN ACADADA
AREAN, S.L.	8.805,75 €	2,70
CONSERVIA	6.906,71 €	2,12
CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.L.	20.077,63 €	6,17
CONSTRUCCIONES MÍGUEZ XESTOSO, S.L.	11.390 €	3,50
ENDENOR	22.780 €	7

Sobre o exposto, se efectúa a valoración das plicas segundo o que segue:

Empresas Oferta Económica	Prazo Execución	Melloras	Garantía	Oferta Económica (Prezo:110.499,64)	TOTAL
Conservia (109.394,65)	2	2,12	0,50	0,25	4,87
Fernández Sarmiento S.A (107.184,64)	1	6,17	0,25	1,00	8,42
Taboada y Ramos S.L.					

Endenor (109.868,00)	2	7	0,50	0,23	9,73
Arean S.L. (104.973,55)	2	2,70	1	2	7,70
Míguez Xestoso S.L (110.499,64)	0	3,50	0	0	3,50

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de "**REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA**" a ENDENOR SL, ao acadar a maior puntuación, cunhas melloras consistentes na instalación de 30 farolas.

"REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE VILANOVA". 110.499,64 €. ENDENOR SL	Prezo adxudicación : 110.499,64 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 91.322,02 €, e no IVE de 19.177,62 €, xunto coas melloras que constan na súa oferta (30 farolas con luminarias e elementos accesorios).
---	---

O prezo de adxudicación é de **110.499,64€**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e AVAL por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

4º.- ADXUDICACION DO CONTRATO DE : REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE SANTA MARÍA DE CORTEGADA.

ANTECEDENTES

1.- Na XGL de 23 de Outubro 2014 acordouse:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, en data xuño de 2014 denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Santa María de Cortegada" cun orzamento total de contrata de 26.565,86 €.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do Contrato de obras por importe de 21.955,26 € máis IVE denominado "Rehabilitación superficial de vial e creación de senda peonil no lugar de Santa María de Cortegada"

TERCEIRO.- Autorizar, en contía de 26.565,86 €, o gasto que para este Concello representa a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con cargo á aplicación orzamentaria 20140.461, do estado de gastos do Orzamento Municipal.

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerán o contrato.

QUINTO.- Solicitar ofertas as seguintes empresa:

Construcciones Fernández Sarmiento S.A.
R/ progreso, nº 59
36.540 - Silleda (Pontevedra)

Endenor
Ansemil, nº 27
36.546 - Silleda (Pontevedra)

Construcciones Míguez Xestoso S.L.
Xestoso
36.549 - Silleda (Pontevedra)

2.- Examinouse a proposta técnica e económica, así como as melloras ofertadas, de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego. Deuse por cumprimentada correctamente a documentación das 3 empresas que se presentaron: Construcciones Fernández Sarmiento S.A., CONSTRUCCIONES MIGUEZ XESTOSO S.L. e ENDENOR, co resultado de que ofertan o mesmo prezo, **26.565,86 €**, idéntico período de execución (1 mes), incluíndo ENDENOR unha mellora consistente en: a)2 unidades de formación de formigón na embocadura, polo que, diante do empate na oferta económica, se considera a mais vantaxosa a de ENDENOR, pola mellora referida.

Visto canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato de "**REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE SANTA MARÍA DE CORTEGADA**" a ENDENOR SL

"REHABILITACIÓN SUPERFICIAL DE VIAL E CREACIÓN DE SENDA PEONIL NO LUGAR DE SANTA MARÍA DE CORTEGADA"	Prezo adxudicación : 26.565,86 €. O prezo certo queda desagregado nun valor de 21.955,26 €, e no IVE de 4.610,60 €, xunto coas melloras que constan na súa oferta.
ENDENOR SL	

O prezo de adxudicación é de **26.565,86 €**, IVE incluído, segundo o previsto no Prego- tipo de cláusulas administrativas e particulares que rexen a contratación e de acordo coa oferta económica e melloras presentada.

Segundo.- Requiritur ao adxudicatario para que presente certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adxudicación do contrato, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto no art. 140 LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

5º.- AXUDAS COMPLEMENTARIAS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS QUE PRECISAS DUNHA PROTECCIÓN ESPECIAL ASÍ COMO AS QUE TEÑAN A TODOS OS SEUS MEMBROS EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO, PARA LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR CURSO 2014-15.

Dase conta da proposta da Concelleira de Educación, Sanidade, Emprego, Participación Cidadá e Persoal, D^a María del Pilar Peón Iglesias, de data 10 de novembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aceptar esta proposta.

6º.- ALTAS, BAIAS E VARIACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

6.1.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por José G.G.

Dase conta do informe social elaborado por M^a del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 31 de outubro de 2014, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
José G. F.	-----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de **José G. F.** nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 31 de outubro de 2014.

6.2.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por María F. P.

Dase conta do informe social elaborado por M^a del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 28 de outubro de 2014, para expediente de comunicación de alta no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
María F.P.	-----

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** a alta no SAF na modalidade de dependencia de **María F.P.** nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 28 de outubro de 2014.

6.3.- Expediente de comunicación de incremento de intensidade horaria no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, solicitado por Luis M. L.

Dase conta do informe social elaborado por M^a del Carmen Carballo Silva, Traballadora Social do Concello, de data 06 de outubro de 2014, para expediente de comunicación de incremento de intensidade horaria no SAF na modalidade de dependencia, solicitado por:

Nome a Apelido	Enderezo
Luis M. L.	-----

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** o incremento de intensidade horaria no SAF na modalidade de dependencia de **Luis M.L.** nas condicións que figuran no informe da Traballadora Social, de data 06 de outubro de 2014.

6.4.- Expediente de solicitude de comunicación de baixa no SAF no correspondente Programa de Atención á Dependencia, de Lourdes R.I.

Dase conta da comunicación de María del Carmen Carballo Silva, en calidade de Traballadora Social do Concello de Silleda, de data 31 de outubro de 2014, de baixa no SAF no programa de dependencia de:

Nome a Apelido	Enderezo	Motivo da baixa
Lourdes R.I.	-----	Traslado residencia concello Lalín

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **acorda** a aprobación desta baixa.

7º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.

7.1.- Solicitude de devolución de aval de D^o Jesús F.G., en representación de **CONSTRUCCIONES SUSO CHAIRA S.L.**, Rexistro de Entrada nº 4307 de data 03 de outubro de 2014, correspondente á obra "Cerramento e Cuberta da Reforma e Ampliación da Casa de Cultura de Bandeira", por importe de 5.100,00 €, aval nº 01-10016287 de SOGARPO, de data 21 de outubro de 2008, sen que exista reparo algún por parte do Concello sobre a súa execución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **acorda** a devolución do mencionado aval.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión as doce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 12 de novembro de 2014

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga